



ALGUNHAS INSTRUCIÓNS PARA CUBRIR A SOLICITUDE DE ADMISIÓN

- DEBERASE CUBRIR METICULOSAMENTE CON TODOS OS DATOS O ANEXO II (ED550B) que se entregará **preferiblemente de forma electrónica a través da aplicación *admisionalumnado*** (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) ou presencialmente **con cita previa na secretaría do centro**.
- A solicitude poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a filloas/os comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.
- Nos **demais casos requírese a sinatura das dúas persoas titulares**, agás que a patria potestade estea atribuída con carácter exclusivo, ou en situación de violencia de xénero.
- **SÓ SE PODE ENTREGAR UNHA SOLICITUDE DE ADMISIÓN NO CENTRO EN QUE SE DESEXA OBTER PRAZA**. NO CASO DE NON SER ADMITIDO/A, ADXUDICARÁSÉLLE PRAZA NOS CENTROS QUE INDIQUE NO IMPRESO POR ORDE DE PRIORIDADE.

A ENTREGAR XUNTO COA SOLICITUDE DE ADMISIÓN

- Fotocopia do libro de familia onde figure o neno/a. **Libro de familia (orixinal)**.
- Sentencia xudicial de separación ou divorcio, se é o caso.
- Se veñen doutro colexio é necesario o certificado dese centro conforme están matriculados nun determinado curso.
- O centro a través do consello escolar, establece outorgar 1 punto a aquelas instancias que soliciten só centros públicos nas súas solicitudes, en caso de ter que aplicar o baremo para a admisión de alumnos/as.

FORMULARIOS: Solicitude de admisión (ED550B)

Os formularios normalizados serán facilitados gratuítamente:

- Nos correspondentes centros docentes
- Na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados>)
- Na aplicación <admisionalumnado> (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>)

CONSULTA DO PROCESO

- O alumnado e as familias poderán consultar o estado de tramitación da súa solicitude:
- Na da aplicación <admisionalumnado> (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>)
- Utilizando o **código de solicitude** e o número de **DNI da persoa solicitante**

Vigo, 15 de febreiro de 2021.

O DIRECTOR:

Asdo: José Casas Freire.